

As funcións sintácticas.

Toda cláusula está formada por un predicado e uns complementos, entre os que podemos sinalar os seguintes: Suxeito, CD, CI, Suplemento, Atributo, Predicativo, CCL, CCM e CCT -entre outros-. A continuación iremos explicando a función e as características de cada un deles.

- ✓ **PREDICADO**: é o verbo -principal- que dá sentido á cláusula. Sempre nos aporta información sobre o Suxeito, co que ha de concordar necesariamente en número e persoa.
- ✓ **SUXEITO**: indica quen realiza a acción expresada polo verbo, non necesariamente ten que ser sempre unha persoa (tocoulle a lotería), e debemos diferencialo sempre, o suxeito gramatical, do suxeito lóxico. Poñamos un exemplo, "A Luís tocoulle a lotería": o suxeito gramatical é "a lotería" e o suxeito lóxico "A Luís"
- ✓ **CD**: sempre é substituíble polo pronome átono "O", "A", "OS", "AS", ademais para identificalo correctamente pode recorrer ao seguinte método: pasar a secuencia a voz pasiva, na que o CD será sempre o SUXEITO PACENTE, e o suxeito da activa ao pasalo a pasiva será sempre o C. AXENTE. Vexamos uns exemplos: María comeu mazás > María comeunas > As mazás foron comidas por María
O CD se é de persoa poderá levar a preposición "A", co cal debemos de ter moito coidado xa que con frecuencia tenderemos a confundilo co CI. Exemplo: Vexo a María > Véxoa.
- ✓ **CI**: sempre é substituíble polo pronome átono "LLE", "LLES". En ocasións pode aparecer duplicado na cláusula (Díxolle iso a Luís)
O CI sempre será unha F.PREP pois vai introducido sempre pola preposición "A" ou "PARA". Vexamos un exemplo: mercoulles uns xoguetes aos/ para os cativos.
- ✓ **ATRIBUTO**: xeralmente é desenvolvido por un adxectivo, un substantivo, aínda que algunha vez pode ser que apareza na función de atributo un adverbio (el é así), ou unha F.PREP (el é de Madrid = el é madrileño)
O ATRIBUTO só pode aparecer cos verbos copulativos (ser, estar, parecer) e ten que concordar sempre en xénero, número e persoa co SUXEITO. Vexamos uns exemplos: Eles son moi traballadores, ela está un pouco cansa, parece mentira a súa actitude
- ✓ **PREDICATIVO** sempre será un adxectivo ou un substantivo que concorda necesariamente en xénero e número ben co SUXEITO ben co CD, xa que me aporta máis información el. Vexamos un exemplo: a botella quedou baleira. Neste caso o adxectivo baleira é predicativo porque me aporta información sobre o suxeito co cal concorda en xénero e nº. Outra alternativa para identificar o predicativo e non confundilo, como ás veces lles pode pasar a moitos, é cambialo de xénero ou ben de número, como acontece por exemplo en as botellas quedaron baleiras e os cadernos permaneceron gardados no armario. Vexamos agora un exemplo dun predicativo que concorde co CD: a clase elixiu a Pedro delegado, onde a Pedro é o CD e delegado é o predicativo, xa que nos aporta máis información, neste caso sobre Pedro
- ✓ **SUPLEMENTO** sempre é unha F.Prep e aparece en estruturas nas que o verbo rexe preposición cun significado pleno. Algúns exemplos de verbos que rexen suplemento poderían

ser: falar de, tratar de, confiar en , pensar en, desconfiar de, saber de... e todos os verbos pronominais como por exemplo. namorarse de, esquecerse de, lembrarse de, alimentarse de, transformarse en, convencerse de, etc.

- ✓ Os **Complementos circunstanciais (CCM, CCL, CCT, CCF...)** son sempre adverbios ou F.Preposición que modifican por regra xeral ao verbo, pois contribúen a ubicar , a localizar temporalmente, a indicar o xeito en que se fai a acción indicada polo verbo.

Exercicio.-Sinala as funcións sintácticas presentes nas seguintes cláusulas. CRITERIOS DE CORRECCIÓN: CD SPTO CI SUX PVO ATO CCT CCL CCM PRED CCN

1. Chamouno ao seu despacho onte.
2. Convidáronme a esa festa.
3. Namorouse da veciña do quinto.
4. Insistímoslle moito niso.
5. As baleas quedaron tranquilas no mar.
6. Ao meu veciño do sexto quitáronlle una moa.
7. Ao meu veciño do terceiro dóelle unha perna.
8. A rapaza parece moi espabilada.
9. O cativo permaneceu calado durante toda a hora.
10. Os membros da xunta electoral nomeárono presidente honorífico.
11. O partido quedou en táboas.
12. O partido resultou divertido.
13. Iso non é da súa incumbencia.
14. Alguén llo diría a Rafael.
15. Ninguén me informou deste problema.
16. Calquera podería comentalo despois.
17. Ás veces falamos dese asunto.
18. Gústame moito ese programa de televisión.
19. Non me importa demasiado a súa opinión.
20. Nunca dixo tal cousa.
21. Insistímoslles moito nese tema o outro día.
22. A ela gústalle moito ese cantante.
23. A vós encántavos as castañas.
24. Quedamos todos xuntos durmidos no campo da feira.
25. Interésalle moito ao meu xefe a túa proposta.
26. Non me convence en absoluto esa idea.
27. Apetécete un xeado?
28. Invítaches a Luís á festa? = Invitáchelo?
29. Sóame moito esa melodía.
30. É moi boa esa oferta do día.